

Concurso Fotográfico Guía Turística Dixital Eixo Atlántico

“Galicia e o Norte de Portugal: Paisaxes, Cultura e Tradición”

Regulamento

1. Obxectivo

O concurso busca divulgar a beleza e diversidade cultural, natural e patrimonial dos municipios do Eixo Atlántico a través de fotografías que amosen a súa esencia. As imaxes seleccionadas serán utilizadas para a **promoción da Guía Turística do Eixo Atlántico**.

2. Dinámica e temática

O concurso estrutúrase en varias accións **semanais**, cada unha dedicada, sempre que sexa posible, a **dous municipios** do Eixo Atlántico. En cada acción haberá tres fases:

1. **Participación no concurso**, a través do cumprimento dos requisitos explicados no punto 4 do regulamento (15 ou 20 días)
2. **Publicación simultánea + votación por “likes”** (7 días): as imaxes publícanse ao mesmo tempo para garantir igualdade (mesmo tempo de votación para todas ás imaxes)
3. **Anuncio de gañadoras**: o día hábil seguinte ao peche da votación

As fotografías deben reflectir **elementos turísticos e identificadores** dos municipios protagonistas:

- Paisaxes
- Monumentos
- Arquitectura
- Gastronomía
- Festas e tradicións
- Vida cotiá
- Persoas e detalles con identidade local

3. Participación

Pode participar calquera persoa **maior de 16 anos**, profesional ou afeccionada, sempre que sexa autora das imaxes presentadas.

4. Requisitos para participar

Envío das imaxes:

- A fotografía debe ser **orixinal**, tomada pola persoa participante, e estar realizada nun dos **municipios protagonistas da acción** correspondente.
- As imaxes deben enviarse por correo electrónico a info.guia@eixoatlantico.com

É obrigatorio indicar:

- Nome e apelidos
- Redes sociais que ten
- Municipio ó que corresponde a imaxe
- Autorización asinada para a súa publicación

Prazo de envío:

En xeral, o envío de fotografías deberá realizarse entre 15 ou 20 **días antes da publicación**. As datas exactas publicaranse en cada acción.

Requisitos en redes sociais:

As persoas participantes deben:

1. **Seguir, polo menos, unha das redes sociais oficiais do Eixo Atlántico:**
 - X (Twitter): @eixoatlantico
 - Instagram: @expocidades_ea
 - Facebook: @Expocidades
2. **Seguir, polo menos, unha rede social oficial dun dos municipios protagonistas.**
3. **Dar “like” á publicación oficial do concurso correspondente**, na rede onde participe.
4. **Compartir a publicación do concurso**, escollendo unha das seguintes opcións:
 - En **stories** de Instagram ou Facebook, mencionando ao Eixo Atlántico.
 - En **retweet** ou **republicación con mención** en X (Twitter), etiquetando @eixoatlantico.

5. Gañadoras

- En cada acción haberá sempre unha fotografía gañadora por cada municipio, que será aquela que acade **a maior suma de “likes” nas publicacións oficiais do Eixo Atlántico en Instagram, Facebook e X (Twitter)**. Poden tamén atribuírse outras distincións (segunda fotografía máis votada, etc.), dependendo se hai máis de un premio por municipio.
- Os nomes das persoas gañadoras publicaranse o **día hábil seguinte ao remate da votación**.

6. Premios

Os premios serán definidos en colaboración cos **municipios participantes** e serán anunciados ao comezo de cada acción.

7. Dereitos de uso das imaxes

Ao participar, as persoas autoras **ceden ao Eixo Atlántico os dereitos de uso** das imaxes enviadas para a súa publicación e difusión con fins **promocionais e turísticos**, sempre coa mención da autoría.

8. Aceptación das bases

A participación neste concurso implica a **aceptación total destas bases**. O Eixo Atlántico resérvase o dereito de eliminar calquera participación que non cumpra coas normas ou que resulte ofensiva ou inapropiada.